

Emocións

Apoiou as mans no lavabo e mírouse no espello.

Tiña un ollo morado, o nariz roto e os beizos cortados. Comezou a chorar. Estaba cansa, baleira por dentro e non vía xa unha saída. Entón pasou a sentir rabia, as bágoas aumentaron e cruzáronse mil cousas pola cabeza.

Tan só conseguiu berrarlle a aquel reflexo que desexaba non ser ela.

-Ódiote- e refuxiou a cabeza entre os brazos para seguir chorando.

O reflexo comezou a moverse. Sacou as mans do cristal e acariñoulle a cara. Suxeitouna firmemente, ergueulle a cabeza e obrigouna a mirarse aos ollos. escoitou o que estaba a dicir.

-Tes medo. Cres que es culpable por sentirte así, mais non está mal sentirse mal. Todas as nosas emocións son necesarias. Ás veces necesitamos sentirnos tristes para darnos conta de que algo non vai ben e así poder darlle un novo rumbo á nosa vida. Respira..., segue loitando. Hai máis alá de todo isto. Prométocho.

Escoitouse un último salouco. Xa non tiña medo. Xa non estaba soa. Agora tiñase a si mesma. Lavou as mans e ollou á esquerda, ao chan. Alí xacía sen vida o corpo do seu marido.

O reflexo esbozou un sorriso.

Noelia Perpetuo Martínez 1º Bac B